Sustentabilidade, beleza e funcionalidade son os alicerces que compoñen a esencia de **Woodworks Buschmann Bella**, un obradoiro de ebanistería situado en Corcubión que reafirma o seu carácter na atención ao detalle, a atracción pola contorna rural e a responsabilidade produtiva. Baixo esta filosofía, **Frank Buschmann** gañou o **Premio Artesanía de Galicia 2019** co proxecto *Monas*, unha prensa de flores onde conxenian o poético e o simbólico invitándonos a reconciliarnos coa natureza.

Woodworks Buschmann Bella nace no ano 2012. Tomas a decisión de dedicarte por completo á ebanistería tras unha ampla traxectoria no mundo do deseño industrial e a xestión cultural. Decides trasladarte a Galicia e comezar o teu proxecto actual. Como valoras a evolución da túa traxectoria desde entón ata agora?

Diría que o meu traballo transcorre pola canle de sempre, suscitándome unha práctica ética,



coherente e sostible onde funcionalidade e beleza forman un todo.

Interesácheste pola cultura e o deseño dos Shaker (comunidade utópica de mediados do s. XVIII que se caracterizou polo modo de vida comunal e o rexeitamento ao superfluo). Mantés esta influencia nos teus traballos actuais?

Sigo cultivando e honrando as referencias das que partín, os shaker son a miña base pero sobre ela fun incorporando a outras figuras como George Nakashima, que se fixo chamar o *shaker* xaponés. Investigando a Nakashima volví a pasar pola Bauhaus pero cunha mirada nova, moi influída pola cultura oriental. Del tamén incorporei certas aproximacións espirituais cara ao traballo coa madeira como ente case sagrado. Cada peza que seleccionas para un moble ten unha historia e unhas características impresas na súa materia. Creo que cada vez afondo máis neste tipo de aspectos e isto, sen dúbida, repercute no moble-obra.

Woodworks Buschmann Bella. La poética de la naturaleza

Sostenibilidad, belleza y funcionalidad son los pilares que componen la esencia de **Woodworks Buschmann Bella**, un taller de ebanistería situado en Corcubión que reafirma su carácter en la atención al detalle, la atracción por el entorno rural y la responsabilidad productiva. Bajo esta filosofía, **Frank Buschmann** ha ganado el **Premio Artesanía de Galicia 2019** con el proyecto *Monas*, una prensa de flores donde congenian lo poético y lo simbólico invitándonos a reconciliarnos con la naturaleza.

Woodworks Buschmann Bella nace en el año 2012. Tomas la decisión de dedicarte por completo a la ebanistería tras una amplia

Woodworks Buschmann Bella. The poetics of nature

Sustainability, beauty and functionality are the pillars that make up the essence of **Woodworks Buschmann Bella**. The woodwork workshop located in Corcubión reaffirms its character in its attention to detail, the attraction for its rural environment and its productive responsibility. In line with this philosophy, **Frank Buschmann** won the **Artesanía de Galicia Award 2019** with his project *Monas*, a flower press where the poetic and the symbolic come together, inviting us to reconcile with nature.

Woodworks Buschmann Bella was born in 2012. You made the decision to devote yourself entirely to woodworking after a long career



trayectoria en el mundo del diseño industrial y la gestión cultural. Decides trasladarte a Galicia y comenzar tu proyecto actual. ¿Cómo valoras la evolución de tu trayectoria desde entonces hasta ahora?

Diría que mi trabajo transcurre por el cauce de siempre, planteándome una práctica ética, coherente y sostenible donde funcionalidad y belleza forman un todo.

Te has interesado por la cultura y el diseño de los Shaker (comunidad utópica de mediados del s. XVIII que se caracterizó por su modo de vida comunal y su rechazo a lo superfluo). ¿Mantienes esta influencia en tus trabajos actuales?

Sigo cultivando y honrando las referencias de las que partí, los shaker son mi base pero sobre ella he ido incorporando a otras figuras como George Nakashima, que se hizo llamar el *shaker* japonés. Investigando a Nakashima he vuelto a pasar por la

in the world of industrial design and cultural management. So, you decided to move to Galicia and start your current project. How do you assess the evolution of your career from that time to now?

I would say that my work has always followed the same path, encouraging me to develop an ethical, coherent and sustainable approach where functionality and beauty form a whole.

You became interested in the culture and design of the Shakers (a utopian community from the mid-18th century that was characterised by its communal way of life and its rejection of the superfluous). Do you maintain that influence in your present work?

I continue to cultivate and honour the references from which I started. Shakers are my base, but on it I incorporated other figures such as George Nakashima, who called himself 'The Japanese

Bauhaus pero con una mirada nueva, muy influida por la cultura oriental. De él también he incorporado ciertas aproximaciones espirituales hacia el trabajo con la madera como ente casi sagrado. Cada pieza que seleccionas para un mueble tiene una historia y unas características impresas en su materia. Creo que cada vez profundizo más en este tipo de aspectos y esto, sin duda, repercute en el mueble-obra.

Tienes un perfil multidisciplinar donde convergen el arte y el diseño. ¿De qué manera se relacionan estas disciplinas en tu trabajo actual?

En los últimos tiempos me he enfrentado a una gran variedad de propuestas. Cada encargo es un nuevo reto y hay que saber materializar el concepto que se busca. Por ejemplo, este año me he incorporado al elenco de artistas de la Galería Álvaro Alcázar y he acudido a ARCO por segunda vez. Mis muebles se exhiben como piezas artísticas pero sin que pierdan la funcionalidad de donde nacen, forman parte de la exposición y, a su vez, el galerista hace cierto uso

Shaker.' While I was exploring Nakashima's work, I returned to the Bauhaus but with a new vision, very much influenced by Eastern culture. From him I also incorporated certain spiritual approaches regarding working with wood as an almost sacred entity. Each piece you select for a piece of furniture has a history and characteristics printed on its material. I believe that I am going deeper and deeper into this aspect and that without a doubt it affects the piece of furniture-work.

You have a multidisciplinary profile where art and design converge. How do these disciplines relate to your current work?

In recent times I have had to deal with a wide variety of proposals. Each commission is a new challenge and you have to know how to materialise the concept you are looking for. For example, this year I joined the cast of artists at the art gallery Galería Álvaro Alcázar and participated in ARCO for the second time. My furniture is exhibited as artistic pieces but without losing its initial functionality, they are part of the exhibition and, in turn, the gallery owner makes some use of them as furniture.



de ellas como muebles. Mis trabajos mantienen su carácter utilitario pero es mi manera de producir lo que les da sentido como obras únicas.

Has ganado el Premio Artesanía de Galicia 2019 por la prensa de flores Monas. Se trata de una pieza sutil y delicada, pero de gran potencia estética y simbólica. ¿Cómo fue concebida?

Monas es una caja desplegable serigrafiada manualmente con un ejemplar prensado de érico, una planta silvestre comestible abundante en Galicia. La idea de realizar esta prensa tiene que ver con mi relación con la materia prima, el árbol, la madera, la naturaleza... y con la necesidad de observar continuamente nuestro entorno. Para mí, fue clave la organización de una ruta de plantas comestibles que se transformó en una intensa experiencia al darme cuenta de la cantidad de plantas que desconocemos y de su riqueza culinaria y medicinal. Creí que sería bonito prensar estas plantas y generar con ellas un catálogo, así fue como empecé a pensar en la realización de la pieza.

My pieces keep their utilitarian character, but it is my way of producing that gives them meaning as unique works.

You have won the Artesanía de Galicia Award 2019 for your *Monas* flower press. It is a subtle and delicate piece, but with great aesthetic and symbolic power. How was it conceived?

Monas is a fold-out box screen printed by hand with a pressed specimen of common self-heal (*Prunella vulgaris*), a wild edible plant abundant in Galicia. This idea of making this press comes from my relationship with the raw material, the tree, the wood, nature... and from the need to continually observe our environment. The organisation of a guided tour of edible plants was key for me, and it became an intense experience when I realised how many plants we don't know and how rich they are in terms of cuisine and medicine. I thought that it would be nice to press one of these plants and make a catalogue with them and that is how I started to think about the creation of the piece.

“Con *Monas* no solamente entrego un producto artesanal 100% sostenible sino que ofrezco una herramienta de observación con la que reaprender y reconectarse con las relaciones perdidas entre lo micro y lo macro”

“With *Monas* I not only deliver a 100 percent sustainable artisan product but I offer a tool for observation with which to relearn to reconnect with the lost relationships between the micro and macro”



Trabajas desde la sostenibilidad y la responsabilidad con el medio ambiente. *Monas* es un ejemplo de ello.

Sí, es necesario tratar el mundo de manera respetuosa y sensible y trabajar teniendo en cuenta el equilibrio entre eficiencia y belleza. El cambio climático es el acontecimiento que más urgentemente nos interpela a restablecer los equilibrios entre lo grande y lo pequeño en busca de formas sostenibles de vida. Los artesanos, gracias a los recursos que empleamos y al modo en que los transformamos, somos agentes productivos y sociales que podemos y debemos inspirar caminos para este restablecimiento. Con *Monas* no solamente entrego un producto artesanal 100% sostenible sino que ofrezco una herramienta de observación con la que reaprender y reconectarse con las relaciones perdidas entre lo micro y lo macro.

A la hora de trabajar procurando el mínimo el impacto ambiental, ¿cómo ha sido tu relación con el material y de qué modo su elección ha determinado el diseño final?

El primer reto de este diseño ha sido encontrar un mecanismo de prensado en el que no intervengan materiales que no sean propios de la ebanistería

You work from sustainability and responsibility with the environment. *Monas* is an example of this.

Yes, it is necessary to treat the world in a respectful and caring way and to work with a balance between efficiency and beauty. Climate change is the event that most urgently challenges us to establish the balance between the big and the small in search of sustainable ways of living. Thanks to the resources we use and the way we transform them, we artisans are productive and social agents who can and must inspire paths for this reestablishment. With *Monas* I not only deliver a 100 percent-sustainable artisan product but I offer a tool for observation with which to relearn to reconnect with the lost relationships between the micro and macro.

When working with the minimum environmental impact, how was your relationship with the material and how did its choice determine the final design?

The first challenge of this design was to find a pressing mechanism that would not involve materials that are not typical of traditional woodworking, i.e. to use metal fittings or screws. In this case, with




“Con *Monas* non soamente entrego un produto artesanal 100% sostible senón que ofrezco unha ferramenta de observación coa que reaprender e reconectarse coas relacións perdidas entre o micro e o macro”



Tes un perfil multidisciplinar onde converxen a arte e o deseño. De que xeito se relacionan estas disciplinas no teu traballo actual?

Nos últimos tempos enfrenteime a unha gran variedade de propostas. Cada encargo é un novo reto e hai que saber materializar o concepto que se busca. Por exemplo, este ano incorporeime ao elenco de artistas da Galería Álvaro Alcázar e acudín a ARCO por segunda vez. Os meus mobles exhibense como pezas artísticas pero sen que perdan a funcionalidade de onde nacen, forman parte da exposición e, á súa vez, o galerista fai certo uso delas como mobles. Os meus traballos manteñen o seu carácter utilitario pero é o meu xeito de producir o que lles dá sentido como obras únicas.



Gañaches o Premio Artesanía de Galicia 2019 pola prensa de flores *Monas*. Trátase dunha peza sutil e delicada, pero de gran potencia estética e simbólica. Como foi concibida?

Monas é unha caixa despregable serigrafada manualmente cun exemplar prensado de érico, unha planta silvestre comestible abundante en Galicia. A idea de realizar esta prensa ten que ver coa miña relación coa materia prima, a árbore, a madeira, a natureza... e coa necesidade de observar continuamente a nosa contorna. Para min, foi clave a organización dun roteiro de plantas comestibles que se transformou nunha intensa experiencia ao dar-me conta da cantidade de plantas que descoñecemos e da súa riqueza culinaria e medicinal. Pensei que sería bonito prensar estas plantas e xerar con elas un catálogo, así foi como empecei a pensar na realización da peza.



Traballas desde a sustentabilidade e a responsabilidade co medio ambiente. *Monas* é un exemplo diso.

Si, é necesario tratar o mundo de xeito respectuoso e sensible e traballar tendo en conta o equilibrio entre eficiencia e beleza. O cambio climático é o acontecemento que máis urxentemente nos interpela a restablecer os equilibrios entre o grande e o pequeno en busca de formas sostibles de vida. Os artesáns, grazas aos recursos que empregamos

tradicional, es decir, evitar el uso de herrajes o tornillos metálicos. En este caso, con solo dos materiales naturales —madera y cuerda— se ha resuelto el mecanismo. Recordemos además que el uso de la cuerda es un recurso propio de la ebanistería tradicional empleada en ciertos casos para ejercer presión. La combinación de las distintas maderas elegidas —nogal, cerezo y fresno— es una decisión estética que me sirve para acentuar los detalles constructivos y funcionales.

¿Qué ha supuesto para ti ser reconocido con el Premio Artesanía de Galicia 2019?

Aquí hay distintos aspectos. Está la parte de reconocimiento a tu trabajo desde un jurado y desde una Fundación que representa a la Artesanía de Galicia. Eso es un orgullo. Está la parte de saberse en cierto modo de fuera, porque aunque yo siempre diga que soy de donde vivo y por lo tanto en este momento soy de Corcubión, es cierto que la gente y el contexto tienen también que acogerte, y este premio para mí es una acogida. Además, cuando se gana un premio se ponen en juego las ilusiones y las expectativas, te preguntas cómo puede ayudar a abrir colaboraciones con ciertas instituciones o agentes. Me gustaría, por ejemplo, llevar *Monas* a las aulas, hacer una versión para incorporarla al catálogo de material escolar. Esto me interesa mucho, que la filosofía que tiene el proyecto funcione socialmente más allá de enfocar su valor como producto de venta. Por otro lado, me encantaría que la energía que da un premio pudiera canalizarse de modo que algunos de los planteamientos conceptuales que estoy abriendo se convirtiesen en reflexiones más articuladas, me imagino por ejemplo hacerlo a través de una exposición que permita hacer legible al público mi proceso de trabajo.



only two natural materials — wood and rope — the mechanism was solved. In addition, it should be remembered that the use of rope is a resource typical of traditional woodworking used in certain cases to exert pressure. The combination of the different woods chosen — walnut, cherry and ash — is an aesthetic decision that serves to accentuate the constructive and functional details.

What did it mean for you to be granted the Artesanía de Galicia Award 2019?

There are different aspects here. There is the part of the recognition to your job from a jury and from the Fundación, which represents Artesanía de Galicia. We are very proud of it. There is also the part of knowing yourself in a certain way as an outsider, because even though I say that I am always from where I live and therefore at this moment I am from Corcubión, it is true that people and context also have to welcome you, and this award means a welcome for me. Besides, when you get an award you put your hopes and expectations into play, and you wonder how it can help to open up collaborations with certain institutions or agents. I would like, for example, to bring *Monas* into classrooms, to make a version to incorporate into the school material catalogue. This is something that interests me a lot: that the philosophy of the project works socially beyond focusing on its value as a sales product. On the other hand, I would love it if the energy that a reward like this gives could be channelled in such a way that some of the conceptual formulations that I am opening up become more articulated reflections. I can imagine, for example, doing this through an exhibition that would make my work process readable to the public.

**WOODWORKS
BUSCHMANN BELLA**
Frank Buschmann
Rúa Antonio Porrua, 3
15130 Corcubión (A Coruña)
info@woodworksbb.es
www.woodworksbb.es

Carta de artesán / carta de
artesano / craftsman card n° 11015

Obradoiro artesán / taller artesano
/ craft workshop n° 11002

“Este premio para min é unha acollida”

“Este premio para mí es una acogida”

“This award means a welcome for me”



e ao modo en que os transformamos, somos axentes produtivos e sociais que podemos e debemos inspirar camiños para este restablecemento. Con *Monas* non soamente entrego un produto artesanal 100% sostible senón que ofrezco unha ferramenta de observación coa que reaprender e reconectarse coas relacións perdidas entre o micro e o macro.

Á hora de traballar procurando o mínimo o impacto ambiental, como foi a túa relación co material e de que modo a súa elección determinou o deseño final?

O primeiro reto deste deseño foi atopar un mecanismo de prensado no que non interveñan materiais que non sexan propios da ebanistería tradicional, é dicir, evitar o uso de ferraxes ou parafusos metálicos. Neste caso, con só dous materiais naturais —madeira e corda— resolveuse o mecanismo. Lembremos ademais que o uso da corda é un recurso propio da ebanistería tradicional empregada en certos casos para exercer presión. A combinación das distintas madeiras elixidas —nogueira, cerdeira e freixo— é unha decisión estética que me serve para acentuar os detalles construtivos e funcionais.

Que supuxo para ti ser recoñecido co Premio Artesanía de Galicia 2019?

Aquí hai distintos aspectos. Está a parte de recoñecemento ao teu traballo desde un xurado e desde unha Fundación que representa á Artesanía de Galicia. Iso é un orgullo. Está a parte de saberse en certo xeito de fóra, porque aínda que eu sempre diga que son de onde vivo e polo tanto neste momento son de Corcubión, é certo que a xente e o contexto teñen tamén que acollerte, e este premio para min é unha acollida. Ademais, cando se gaña un premio pónense en xogo as ilusións e as expectativas, preguntaste como pode axudar a abrir colaboracións con certas institucións ou axentes. Gustaríame, por exemplo, levar *Monas* ás aulas, facer unha versión para incorporala ao catálogo de material escolar. Isto interésame moito, que a filosofía que ten o proxecto funcione socialmente máis aló de enfocar o seu valor como produto de venda. Doutra banda, encantaríame que a enerxía que dá un premio puidese canalizarse de modo que algunhas das formulacións conceptuais que estou abrindo se convertan en reflexións máis articuladas, imaxínome por exemplo facelo a través dunha exposición que permita facer lexible ao público o meu proceso de traballo.



Premios nacionais de artesanía 2019

O Ministerio de Industria, Comercio e Turismo convoca anualmente os **Premios Nacionais de Artesanía**, co obxectivo de recoñecer as traxectorias e actuacións máis destacadas no eido da artesanía contemporánea. O pasado 4 de decembro celebrouse en Madrid a cerimonia de entrega da XII edición destes galardóns, aos que se presentaron 90 candidaturas procedentes de toda España que optaban ás cinco categorías do certame.

No salón de actos da sede do Ministerio respirábase esencia galega, xa que entre os 16 finalistas figuraban

catro candidaturas integradas na marca Artesanía de Galicia: a zoqueira Elena Ferro (Vila de Cruces, Pontevedra), a ceramista viguesa Paula Ojea, o obradoiro Anaquiños de Papel (A Coruña) e a Fundación Pública Artesanía de Galicia. Facían piña na mesma bancada intentando descargar os nervios previos á entrega mentres agardaban o fallo do xurado. Artesanía galega en feminino, facendo cábalas de probabilidades estatísticas que parecían apuntar a que algún premio iría a parar a mans galegas. Finalmente, dos cinco recoñecementos entregados, Galicia recibiu dous e quedou finalista noutras dúas categorías.

Premios Nacionales de Artesanía 2019

El Ministerio de Industria, Comercio y Turismo convoca anualmente los **Premios Nacionales de Artesanía**, con el objetivo de reconocer las trayectorias y actuaciones más destacadas en el campo de la artesanía contemporánea. El pasado 4 de diciembre se celebró en Madrid la ceremonia de entrega de la XII edición de estos galardones, a los que se presentaron 90 candidaturas procedentes de toda España que optaban a las cinco categorías del certamen.

En el salón de actos de la sede del Ministerio se respiraba esencia gallega, ya que entre los 16 finalistas figuraban cuatro candidaturas integradas en la marca Artesanía de Galicia: la *zoqueira* Elena Ferro (Vila de Cruces, Pontevedra), la ceramista viguesa Paula Ojea, el taller Anaquiños de Papel (A Coruña) y la Fundación Pública Artesanía de Galicia. Hacían piña en la misma bancada intentando descargar los nervios previos a la entrega mientras esperaban el fallo del jurado. Artesanía gallega en femenino, haciendo cábalas de probabilidades estadísticas que parecían apuntar a que algún premio iría a parar a manos gallegas. Finalmente, de los cinco reconocimientos entregados, Galicia recibió dos y quedó finalista en otras dos categorías.



Elena Ferro, del taller Eferro, recogió el trofeo que la acredita como ganadora del **Premio Nacional de Artesanía** por su obra consolidada. Es la segunda vez que Galicia recibe el Premio Nacional, la máxima categoría de las cinco en las que se dividen estos galardones, con el que fue distinguido el taller de gaitas Seivane en 2013. Elena Ferro ya había sido finalista en 2011, en la categoría Premio Producto. Destaca por su trabajo con un producto característico de la tradición rural: los zuecos de madera. Con el cambio en el valor de uso del calzado de trabajo, Elena Ferro le otorga un nuevo significado a este producto sin arrebatarle su esencia, reinventándolo como complemento de moda con constantes innovaciones en diseños, materiales y colores.

National Craft Awards 2019

The annual **National Craft Awards**, hosted by the Spanish Ministry of Industry, Trade and Tourism acknowledges the most outstanding trajectories and performances in the field of contemporary crafts. The 12th edition of the awards were held in Madrid on December 4th, 2019, with 90 candidates from all over Spain competing in the competition's five categories.



The hall at the Ministry's headquarters breathed Galician essence as the 16 finalists included four candidates from the Artesanía de Galicia brand. The four Galician nominees were, clog maker Elena Ferro of Vila de Cruces, Pontevedra, the ceramist Paula Ojea from Vigo, the Anaquiños de Papel workshop of A Coruña, and the Fundación Pública Artesanía de Galicia. The four representatives sat together on the same bench trying to calm their nerves while awaiting the jury's decision. Galician handicraft in feminine, making statistical probabilities that seemed to point out that some prize would end up in Galician hands. Ultimately, of the five awards given, Galicia received two and was a finalist in two other categories.

Elena Ferro, from Eferro workshop, collected the award that accredits her as the winner of the **National Craft Award** for her consolidated work. It is the second time that a nominee from Galicia has clinched the National Award, the most recent being in 2013 when the Seivane bagpipe workshop was honoured. This is the most important category of the five in which these awards are divided. Ferro had previously been named a finalist in 2011, in the Product Award category. She stands out for her work with a characteristic product of rural tradition: wooden clogs. With the change in the value of use of work footwear, Ferro gives a new meaning to the wooden clogs product without taking away its essence reinventing it as a fashion accessory with constant innovations in design, materials used, and colour.

The good news continued for Galicians as the ceramist and engineer, Paula Ojea, from **Ojea Studio**, was the winner in the **Product Award** category. Her



Elena Ferro, do obradoiro Eferro, recolleu o trofeo que a acredita como gañadora do **Premio Nacional de Artesanía** pola súa obra consolidada. É a segunda vez que Galicia recibe o Premio Nacional, a máxima categoría das cinco nas que se dividen estes galardóns, co que foi distinguido o obradoiro de gaitas Seivane en 2013. Elena Ferro xa fora finalista en 2011, na categoría Premio Produto. Destaca polo seu traballo cun produto característico da tradición rural: os zocos de madeira. Co cambio no valor de uso do calzado de traballo, Elena Ferro outórgalle un novo significado a este produto sen arrebatarlle a súa esencia, reinventándoo como complemento de moda con constantes innovacións en deseños, materiais e cores.

Pola súa banda, a ceramista e enxeñeira Paula Ojea, do obradoiro **Ojea Studio**, foi gañadora na categoría **Premio Produto** pola colección *Cut&Fold*, en recoñecemento ao mellor produto ou colección dos últimos dous anos. Esta serie caracterízase polas súas formas xeométricas imposibles, deseñadas coa mentalidade e xeito de traballar propias da enxeñería e realizadas de forma artesanal, evocando o papel cortado e dobrado. Son pezas que exploran contrastes, entre a precisión do deseño

e a irregularidade do proceso artesanal. En 2017 este obradoiro gañou a Bolsa Eloy Gesto, dentro dos Premios Artesanía de Galicia, para formación especializada nun centro de prestixio.

A Xunta, a través da **Fundación Pública Artesanía de Galicia**, quedou finalista na categoría **Premio Promociona para Entidades Públicas** polo proxecto *Artesanía no Prato* que vén desenvolvendo desde 2013. A finalidade desta iniciativa é xerar unha interrelación entre artesanía, deseño e gastronomía, dando a coñecer o potencial das pezas artesás como soporte das creacións culinarias e elemento diferenciador da hostelería e restauración. A Fundación foi gañadora deste premio en 2012 pola súa contribución significativa á promoción dos oficios e en 2016 polo proxecto *Enredadas*.

Tamén resultou finalista o obradoiro **Anaquiños de Papel** (A Coruña), na categoría **Premio ao Emprendemento**. A materia prima deste estudio de deseño e creatividade é o papel, co que elaboran obxectos de decoración como lámpadas, flores, animais ou tocados usando técnicas de origami e *paperart*. A filosofía deste taller, gañador da Bolsa Eloy Gesto en 2018, é o deseño responsable e sostible.

Por su parte, la ceramista e ingeniera Paula Ojea, del taller **Ojea Studio**, fue ganadora en la categoría **Premio Producto** por la colección *Cut&Fold*, en reconocimiento al mejor producto o colección de los últimos dos años. Esta serie se caracteriza por sus formas geométricas imposibles, diseñadas con la mentalidad y forma de trabajar propias de la ingeniería y realizadas de forma artesanal, evocando el papel cortado y doblado. Son piezas que exploran contrastes, entre la precisión del diseño y la irregularidad del proceso artesanal. En 2017 este taller ganó la beca Eloy Gesto, dentro de los Premios Artesanía de Galicia, para formación especializada en un centro de prestigio.

La Xunta, a través de la **Fundación Pública Artesanía de Galicia**, quedó finalista en la categoría **Premio Promociona para Entidades Públicas** por el proyecto *Artesanía no Prato* que viene desarrollando desde 2013. La finalidad de esta iniciativa es generar una interrelación entre artesanía, diseño y gastronomía, dando a conocer el potencial de las piezas artesanas como soporte de las creaciones culinarias y elemento diferenciador de la hostelería y restauración. La Fundación fue ganadora de este premio en 2012 por su contribución significativa a la promoción de los oficios y en 2016 por el proyecto *Enredadas*.

También resultó finalista el taller **Anaquiños de Papel** (A Coruña), en la categoría **Premio al Emprendimiento**. La materia prima de este estudio de diseño y creatividad es el papel, con el que elaboran objetos de decoración como lámparas, flores, animales o tocados usando técnicas de origami y *paperart*. La filosofía de este taller, ganador de la beca Eloy Gesto en 2018, es el diseño responsable y sostenible.

Cut&Fold collection triumphed over the competition in recognition of the best product or collection of the last two years. This series is characterized by its unique geometric shapes, designed with an engineering mentality and way of working. The works are produced by hand, evoking cut and folded paper. They are pieces that explore contrasts between the precision of the design and the irregularity of the artisan process. In 2017 this workshop won the Eloy Gesto scholarship, within the Artesanía de Galicia Awards, for specialised training in a prestigious centre.

The recognition continued as Xunta de Galicia, represented by the **Fundación Pública Artesanía de Galicia**, was a finalist in the **Promociona Award for Public Entities** category. The nominated project was titled *Artesanía no Prato*, which has been running since 2013. The aim of this initiative is to generate an cross-industrial relationship between crafts, design and gastronomy, making known the potential of artisan pieces as a support for culinary creations and as a differentiating element in the hotel and restaurant industry. Fundación was awarded this prize in 2012 for its significant contribution to the promotion of crafts, and once again in 2016 for the *Enredadas* project.

The **Anaquiños de Papel** workshop in A Coruña was also a finalist in the **Entrepreneurship Award** category. The raw material of the design and creativity studio is paper. The paper is used to make decorative objects including, lamps, flowers, animals or headpieces using origami and paper art techniques. Responsible and sustainable design is the fundamental philosophy of this workshop, which was named the winner of the Eloy Gesto grant in 2018.





Elena Ferro. Tres xeracións nos nosos pés

A zoqueira **Elena Ferro** é un exemplo de adaptación dun oficio tradicional aos novos tempos. Conseguiu reinventar a elaboración artesanal de zocos, empregando deseños innovadores para acadar uns usos distintos aos de antaño. Esta nova concepción dos zocos fixo que non só pisen a terra do campo, senón que as súas solas percorran tamén o asfalto de grandes cidades e as alfombras das pasarelas de moda. O xiro no concepto da súa produción artesanal conseguiu a pervivencia e relanzamento dunha empresa familiar con produtos modernos moi ligados á moda e as tendencias e en continua evolución que atraen a novos públicos, introducíndose con forza en novos mercados.

No taller familiar, en funcionamento en Merza, no concello de Vila de Cruces (Pontevedra) desde 1915,

veñen desenvolvendo o seu traballo artesán tres xeracións da familia Ferro, que representan todos os valores intrínsecos dunha empresa artesá. Hai uns anos falabamos dun oficio tradicional en extinción, pero hoxe en día gracias ao traballo da terceira xeración desta familia de zoqueiros, con Elena Ferro á cabeza, podemos falar de renovación, emprendemento rural, identidade, recoñecemento, innovación, comercio de futuro e sobre todo de saber facer sen perder de vista as súas orixes.

O traballo desenvolvido baixo a marca **Eferro** é unha aposta continua por poñer en valor a elaboración artesanal como sinónimo de distinción, exclusividade, deseño e sustentabilidade dos seus materiais. Caracterízase por un traballo coidado tanto na selección de materiais naturais como na

Elena Ferro. Tres generaciones en nuestros pies



La *zoqueira* **Elena Ferro** es un ejemplo de adaptación de un oficio tradicional a los nuevos tiempos. Consiguió reinventar la elaboración artesanal de zuecos, empleando diseños innovadores para alcanzar unos usos distintos a los de antaño. Esta nueva concepción de los zuecos hizo que no sólo pisen la tierra del campo, sino que sus suelas recorran también el asfalto de grandes ciudades y las alfombras de las pasarelas de moda. El giro en el concepto de su producción artesanal consiguió la pervivencia y relanzamiento de una empresa familiar con productos modernos muy ligados a la moda y a las tendencias en continua evolución que atraen a nuevos públicos, introduciéndose con fuerza en nuevos mercados.



En el taller familiar, en funcionamiento en Merza, en el ayuntamiento de Vila de Cruces (Pontevedra) desde 1915, vienen desarrollando su trabajo artesanos de tres generaciones de la familia Ferro, que representan todos los valores intrínsecos de una empresa artesana. Hace unos años hablábamos de un oficio tradicional en extinción, pero hoy en día gracias al trabajo de la tercera generación de esta familia de *zoqueiros*, con Elena Ferro a la cabeza, podemos hablar de renovación,

Elena Ferro. Three Generations In Our Feet



The clog maker **Elena Ferro** is an example of a creator who knows how to adapt a traditional trade to modern times. She managed to reinvent the craft of clog making, using innovative designs to achieve different uses to those of years gone by. This new conception has resulted in Clogs created not only to be worn when stepping around the country, but for their soles to also go through the assault of big cities and catwalk carpets in fashion. The turn in the concept of their handcrafted production achieved the survival and re-launching of a family business. A family business with modern products closely linked to fashion and to the constantly evolving trends that attract new audiences, strongly entering new markets.

Since 1915, three generations of the Ferro family have been working in the family workshop in Merza, in the municipality of Vila de Cruces in Pontevedra. Throughout, representing all the intrinsic values of a craft company. A few years ago, this was a traditional trade that was in danger of extinction. But today, thanks to the work of the third generation of this family of clog makers, led by Elena Ferro, we can talk in terms of; renovation, rural entrepreneurship, identity,

elaboración con técnicas artesanais tradicionais, cun deseño atrevido adaptado ás novas tendencias. A súa creatividade e talento fan de Eferro unha marca recoñecida e valorada, na que se combina a marroquinería coa elaboración de zocos.

Co cambio no valor de uso do calzado de traballo, outorgácheslle un novo significado a este produto sen arrebatarlle a súa esencia, reinventándoo como complemento de moda. ¿Como xurdiu esta nova visión e que dificultades ou apoios destacados atopaches neste camiño de constantes innovacións en deseños, materiais e cores?

Tras a decadencia dos zocos, que comezou nos anos 70, no ano 95 comecei a facer cambios nos zocos tradicionais como pintando as madeiras de cores ou facendo unhas madeiras novas, cambios que non tiveron unha boa acollida ata o ano 2010, coincidindo co outorgamento do premio Antón Fraguas, ao que presentamos uns zocos que se chaman “voa mariquiña voa”.

Tamén comezamos a empregar as peles de pelo e animal print, que neste momento xa estamos aburridos de velos pero naquela época era algo moi novidoso.

A adaptación da madeira tradicional ás que usamos agora foi o cambio máis importante, xa que o principal é que sexan o máis cómodos posibles.

¿Cal e a clave do proceso produtivo?

A clave do proceso produtivo é fundamentalmente o ambiente familiar e agradable que temos no taller.

Na elaboración dos produtos de Eferro transcende un compromiso coa tradición, o respecto polos oficios e a conexión coa nosa terra, amosándose ademais un compromiso co medio ambiente. ¿De que modo contribuídes á sustentabilidade?

Usamos materiais naturais como a madeira e o coiro. Combinamos novas peles coma o poldro, cabra, ovella, serpe co coiro de vaca tendo todas os seus certificados de autenticidade e calidade. Os coiros están tinguidos con tinguiduras non tóxicas e emprégase pouca cola, xa que case todo vai grampado. Ademais as solas son de caucho reciclado.

Fóronse aumentando os puntos de venda, podéndose atopar os zocos en tendas de carácter artesán e tendas multimarca en localidades como Santiago de Compostela, Ames, Boiro, Monforte de Lemos, Tui ou Combarro. En 2017 abriu as portas a primeira tenda propia Eferro na Coruña. ¿Está a cumprir as expectativas fixadas?

Si, estamos moi contentos coa acollida da nosa tenda da Coruña. En abril xa vai facer 3 anos e reafírmase e aumenta a nosa clientela.

EFERRO

Elena Ferro
Lugar Reboredo, 1, Merza
36580 Vila de Cruces (Pontevedra)
info@elenaferro.com
www.elenaferro.com

Carta de artesán / carta de artesano
/ craftsman card n° 1354

Obradoiro artesán / taller artesano
/ craft workshop n° 426



emprendimiento rural, identidad, reconocimiento, innovación, comercio de futuro y sobre todo de saber hacer sin perder de vista sus orígenes.

El trabajo desarrollado bajo la marca **Eferro** es una apuesta continua por poner en valor la elaboración artesanal como sinónimo de distinción, exclusividad, diseño y sostenibilidad de sus materiales. Se caracteriza por un trabajo cuidado tanto en la selección de materiales naturales como en la elaboración con técnicas artesanales tradicionales, con un diseño atrevido adaptado a las nuevas tendencias. Su creatividad y talento hacen de Eferro una marca reconocida y valorada, en la que se combina la marroquinería con la elaboración de zuecos.

Con el cambio en el valor de uso del calzado de trabajo, le otorgaste un nuevo significado a este producto sin arrebatárle su esencia, reinventándolo como complemento de moda. ¿Cómo surgió esta nueva visión y qué dificultades o apoyos destacados te encontraste en este camino de constantes innovaciones en diseños, materiales y colores?

Tras la decadencia de los zuecos, que comenzó en los años 70, en el año 95 comencé a hacer cambios en los zuecos tradicionales como pintando las maderas de colores o haciendo unas maderas nuevas, cambios que no tuvieron una buena acogida hasta el año 2010, coincidiendo con el otorgamiento del premio Antón Fraguas, al que presentamos unos zuecos que se llaman "voa mariquiña voa" ("vuela mariquita vuela").

recognition, innovation, future trade and, above all, know-how without losing sight of its origins.

Eferro's work is a continuous commitment to highlight the value of handcrafted production as a synonym of distinction, exclusivity, design and sustainability of their materials. Their work is characterised by the careful selection of natural materials and the use of traditional craft techniques, with a bold design adapted to new trends. The brand's creativity and talent make it a recognized and valued brand, which combines leather goods with the production of clogs.

With the change in the value of use of work footwear, Ferro gives a new meaning to the wooden clogs product without taking away its essence reinventing it as a fashion accessory with constant innovations in design, materials used, and colour. Where did this new vision come from and what difficulties or outstanding support did you find on this path of constant innovation in designs, materials and colours?

After the clog's decline, which started in the 1970's, in 1995 I started to make changes in the traditional clogs, such as painting the woods with colours or producing them in some new woods. These changes were not well received until 2010, coinciding with the granting of the Antón Fraguas award, to which we presented some clogs called 'voa mariquiña voa' also known as 'fly, ladybird, fly.'







También comenzamos a utilizar pieles de pelo y animal print, que en este momento ya estamos aburridos de verlos pero en aquella época era algo muy novedoso.

La adaptación de la madera tradicional a las que usamos ahora fue el cambio más importante, ya que lo principal es que sean lo más cómodos posibles.

¿Cuál es la clave del proceso productivo?

La clave del proceso productivo es fundamentalmente el ambiente familiar y agradable que tenemos en el taller.

En la elaboración de los productos de Eferro trasciende un compromiso con la tradición, el respeto por los oficios y la conexión con nuestra tierra, mostrándose además un compromiso con el medio ambiente. ¿De qué modo contribuís a la sostenibilidad?

Usamos materiales naturales como la madera y el cuero. Combinamos nuevas pieles como potro, cabra, oveja, serpiente con el cuero de vaca teniendo todas sus certificados de autenticidad y calidad. Los cueros están tintados con tintes no tóxicos y se emplea poca cola ya que casi todo va grapado. Además las suelas son de caucho reciclado de neumáticos.



We also started to use fur skins and animal print. At this moment we are already bored to see them but at that time it was something very fresh.

Adapting the traditional wood clogs to the ones we use now was the most important change, since the main thing is to make them as comfortable as possible.

Which is the key to the production process?

Basically, the key to the production process is the family and pleasant atmosphere we have in the workshop.

In the production of Eferro products there is a commitment to tradition, respect for the crafts and the connection with our homeland, and a commitment to the environment. How do you contribute to sustainability?

We use natural materials such as wood and leather. We combine new skins like colt, goat, sheep, snake with cowhide having all their certificates of authenticity and quality. The hides are dyed with non-toxic dyes and little glue is used as almost everything is stapled. In addition, the soles are made of recycled rubber from tires.



Estás a desenvolver unha intensa difusión e posicionamento a través das novas canles de promoción como son as redes sociais, cunha pegada persoal que che permite abrir unha ventá ao mundo. ¿Como está a repercutir na proxección dos teus produtos?

As redes sociais axúdannos a facer marca. Dunha maneira intuitiva e casual comecei a facer unha serie de montaxes que contan pequenas historias, as cales fóronse espallando polas redes dunha forma exponencial. O que conseguimos con iso é que, ademais de facer marca, a xente veña ao noso taller-tenda situado nunha pequena aldea chamada Merza, no concello de Vila de Cruces.

Ademais do teu traballo no taller, desenvolves un gran labor de difusión en centros educativos e de formación para dar a coñecer aos máis novos a artesanía como modelo de desenvolvemento profesional. ¿Que papel cres que xoga a artesanía no mercado actual?

A artesanía está cada vez collendo máis forza. Agora o que a xente busca é calidade e exclusividade e iso é o que ofrece a artesanía.

É importante que os rapaces de hoxe en día coñezan a artesanía, por iso fago as visitas aos



colexios ou asistimos a feiras coma os Pendellos de Agolada (Encontro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. Corazón da Artesanía) onde fago demostracións, xa que para valorar a artesanía hai que coñecela.

En decembro fuches galardoada co Premio Nacional de Artesanía 2019 que recoñece unha obra consolidada. ¿Que novos proxectos che gustaría poder levar a cabo a medio longo prazo?

Recibimos o Premio Nacional de Artesanía 2019 con moita ledicia e sorpresa ao mesmo tempo. Seguiremos traballando como ata agora, aprendendo cousas novas e innovando nun oficio tradicional para que non se perda.

Cando de nena acompañabas ao teu pai percorrendo as feiras de Galicia non te imaxinarías chegar a onde estás a día de hoxe. Facendo un exercicio de imaxinación ou desexo ¿a onde soñas que chegarán os teus zocos?

Gustaríame que a xente que algunha vez se avergoñou de usar zocos ou se mofou deles, que agora os vexan coa dignidade e respecto que merecen.



Se fueron aumentando los puntos de venta, pudiéndose encontrar los zuecos en tiendas de carácter artesano y tiendas multimarca en localidades como Santiago de Compostela, Ames, Boiro, Monforte de Lemos, Tui o Combarro. En 2017 abrió sus puertas la primera tienda propia de Eferro en A Coruña. ¿Está cumpliendo las expectativas fijadas?

Sí, estamos muy contentos con la acogida de nuestra tienda de A Coruña. En abril va a hacer 3 años y se reafirma y aumenta nuestra clientela.

Estás desarrollando una intensa difusión y posicionamiento a través de los nuevos canales de promoción como son las redes sociales, con una huella personal que te permite abrir una ventana al mundo. ¿Cómo está repercutiendo en la proyección de tus productos?

Las redes sociales nos ayudan a hacer marca. De una manera intuitiva y casual comencé a hacer una serie de montajes que cuentan pequeñas historias, las cuales se fueron difundiendo por las redes de una forma exponencial. Lo que conseguimos con eso es que, además de hacer marca, la gente venga a nuestro taller-tienda situado en una pequeña aldea llamada Merza, en el concello de Vila de Cruces.

Además de tu trabajo en el taller, desarrollas una gran labor de difusión en centros educativos y de formación para dar a conocer a los más jóvenes la artesanía como modelo de desarrollo profesional. ¿Qué papel crees que juega la artesanía en el mercado actual?

La artesanía está cada vez cogiendo más fuerza. Ahora lo que la gente busca es calidad y exclusividad y eso es lo que ofrece la artesanía. Es importante que los niños de hoy en día conozcan la artesanía, por eso hago las visitas a los colegios o asistimos a ferias como los Pendellos de Agolada (Encuentro de Artesanía Tradicional e Popular de Galicia. Corazón da Artesanía) donde hago demostraciones, ya que para valorar la artesanía hay que conocerla.

En diciembre fuiste galardonada con el Premio Nacional de Artesanía 2019 que reconoce una obra consolidada. ¿Qué nuevos proyectos te gustaría poder llevar a cabo a medio largo plazo?

Recibimos el Premio Nacional de Artesanía 2019 con mucha alegría y sorpresa al mismo tiempo. Seguiremos trabajando como hasta ahora, aprendiendo cosas nuevas e innovando en un oficio tradicional para que no se pierda.

Cuando de niña acompañabas a tu padre recorriendo las ferias de Galicia no te imaginarías llegar a donde estás hoy en día. Haciendo un ejercicio de imaginación o deseo ¿a dónde sueñas que llegarán tus zuecos?

Me gustaría que la gente que alguna vez se avergonzó de usar zuecos o se mofó de ellos, que ahora los vean con la dignidad y respeto que merecen.

Sale points were increasing, and clogs could be found in craft shops and multi-brand shops in towns such as Santiago de Compostela, Ames, Boiro, Monforte de Lemos, Tui or Combarro. In 2017 the first Eferro store opened in A Coruña. Is it meeting the expectations set?

Yes, we are very pleased with the response to our store in A Coruña. In April it will be three years since opening and our customer base is confirmed and increasing.

You are developing an important dissemination and positioning through new promotion channels such as social networks, with a personal footprint that allows you to open a window to the world. How is this affecting the visibility of your products?

Social networks help us to build a brand. In an intuitive and casual way, I started to make a series of deconstructions that tell little stories, which spread across the social media in an exponential way. The result is that, in addition to branding, people come to our workshop-shop located in a small village called Merza, in the town of Vila de Cruces.

In addition to your work at the workshop, you do a lot of outreach work in educational and training centres to raise awareness among young people about crafts as a model for professional development. What role do you think crafts play in today's market?

Craftwork is becoming more and more popular. People are now looking for quality and exclusivity and that is what crafts have to offer.

It's important that children today know about crafts, so I make school visits or attend fairs such as the Pendellos de Agolada (Traditional and Popular Crafts Meeting of Galicia Corazón da Artesanía) where I give demonstrations, since to value the craft must know it.

Last December you were granted the National Craft Award 2019, which recognizes a consolidated work. Which new projects would you like to accomplish in the mid-long term?

We received the National Craft Award 2019 with much joy and surprise at the same time. We'll continue to work as we have done up to now, learning new skills and innovating in a traditional trade so that it does not fall into disuse.

When as a child you used to join your father in Galician fairs, you would not imagine getting to where you are today. Doing an exercise of imagination or desire, where do you dream that your clogs will arrive?

I would like people who were once ashamed of wearing clogs or mocked them, to now see them with the dignity and respect they deserve.

ARTESANÍA
DE GALICIA



Paula Ojea. Cabeza de enxeñeira e mans de artesá

